

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL**

RESOLUCIÓN do 10 de outubro de 2025 pola que se modifican determinados prazos incluídos na Resolución do 26 de xuño de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan para o ano 2025, en réxime de concorrência competitiva, as axudas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde no contorno laboral da industria forestal galega e do contract (código de procedemento IN500B).

Mediante a Resolución do 26 de xuño de 2025 apróbanse as bases reguladoras e convócanse para o ano 2025, en réxime de concorrência competitiva, as axudas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde no contorno laboral da industria forestal galega e do contract (código de procedemento IN500B).

A dita resolución recolle, entre outros, os seguintes prazos:

O número 4 do artigo 20 dispón:

«O prazo para solicitar a modificación do proxecto será ata un (1) mes anterior á finalización do prazo para a xustificación da primeira anualidade».

O número 1 do artigo 32 establece:

«O prazo de xustificación será, para a anualidade de 2025, ata o 15 de outubro de 2025 inclusive e, para a anualidade de 2026, ata o 15 de abril de 2026».

O número 2 do artigo 32 inclúe un novo prazo:

«Esta ampliación deberá solicitarse, como máximo, un (1) mes antes de que acabe o prazo de xustificación. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de xustificación».

Debe terse en conta o elevado número de solicitudes presentadas ao abeiro deste procedemento e o obxecto das actuacións subvencionadas que requiren dun tempo de execución maior.

CVE-DOG: cmte2zf2-rqj8-ny11-7yp3-a3qowvhs5jq9



Así mesmo, hai que ter en conta as múltiples comunicacións dos participantes desta convocatoria de ter un maior prazo de xustificación.

Polo tanto, resulta necesaria a ampliación do prazo previsto no número 1 do artigo 32, polo que se estende o prazo de xustificación para a anualidade de 2025 do 15 de outubro de 2025 ao 15 de novembro de 2025, e queda o mesmo prazo para a anualidade 2026.

A anterior ampliación de prazo determina a necesidade de adaptar os prazos incluídos no número 4 do artigo 20 e o incluído no número 2 do artigo 32, dado que un mes antes do remate do prazo de xustificación dos investimentos daría lugar a que na maior parte dos casos excederían a anualidade orzamentaria 2025, o que determinaría a imposibilidade material de executar o orzamento.

Na súa consecuencia, o prazo dun mes indicado nos referidos artigos quedará adaptado a 15 días naturais.

Polo que respecta á ampliación de prazo prevista, o artigo 45.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá a metade deste, e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Por outra banda, remítese ao disposto con carácter xeral no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no cal se indica que a ampliación se poderá acordar, de oficio ou por instancia de parte, antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellasen.

As bases reguladoras non conteñen precepto en contra da ampliación do prazo de xustificación.

A ampliación do prazo non causa prexuízo a terceiros.

En canto á adaptación de prazos prevista, xustifícanse razóns de interese público, xa que permitirá a correcta execución orzamentaria dentro da anualidade 2025.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e condicións previstos na normativa anteriormente citada e tendo en conta todo o exposto,

CVE-DOG: cmte2zf2-rqj8-ny11-7yp3-a3qowvhs5jq9



RESOLVO:

Artigo único. *Modificación da Resolución do 26 de xuño de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan para o ano 2025, en réxime de concorrència competitiva, as axudas á valorización, segunda transformación e ecoinnovación de produtos forestais e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde no contorno laboral da industria forestal galega e do contract (código de procedemento IN500B)*

Modifícase o número 4 do artigo 20, que queda redactado como segue:

«O prazo para solicitar a modificación do proxecto será ata 15 días naturais anteriores á finalización do prazo para a xustificación da primeira anualidade».

Modifícase o número 1 do artigo 32, que queda redactado como segue:

«O prazo de xustificación será, para a anualidade de 2025, ata o 15 de novembro de 2025 inclusive e, para a anualidade de 2026, ata o 15 de abril de 2026».

Modifícase o número 2 do artigo 32, que queda redactado como segue:

«Atendendo ao artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase conceder unha ampliación do prazo de xustificación e de execución establecido que non exceda a metade del, se as circunstancias o aconsellan e con isto non se prexudican dereitos dun terceiro. Esta ampliación deberá solicitarse, como máximo, en quince (15) días naturais antes de que acabe o prazo de xustificación correspondente á anualidade 2025. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de xustificación».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución producirá efectos desde o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2025

Alfredo Fernández Ríos
Director da Axencia Galega da Industria Forestal

CVE-DOG: cmte2zf2-rqj8-ny11-7yp3-a3qowvhs5jq9

